

A C T A

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

29 de xullo de 2022

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día vinte e nove de xullo de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Presidenta Dona María del Carmen Silva Rego (PSdeG-PSOE), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos Don Gregorio Luís Agís Gómez (PSdeG-PSOE), Dona María Victoria Alonso Méndez (PSdeG-PSOE), Don Uxío Benítez Fernández (BNG), Don Jorge Cubela López (PP), Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso (PP), Dona Olga María García Ballesteros (PSdeG-PSOE), Dona Raquel Giráldez Armas (PSdeG-PSOE), Don Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), Don Manuel González Martínez (PSdeG-PSOE), Dona Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), Dona María Paz Lago Martínez (PP), Dona Iria Lamas Salgueiro (PSdeG-PSOE), Don José Carlos López Campos (PP), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), Don Ignacio Maril Pardo (PP), Don José Alfonso Marnotes González (PP), Dona Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona María Ortega Iñarrea (BNG), Dona Noemí Outeda Prol (PSdeG-PSOE), Dona María José Pardo Pumar (PP), Don Angel Rodal Almuíña (PP), Don Santos Héctor Rodríguez Díaz (PSdeG-PSOE) e Don Javier Tourís Romero (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste Dona María Elena Estévez Freire (PP).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

Sra. Presidenta.- Bo día a todas e a todos. Iniciamos o Pleno ordinario de 29 de xullo de 2022. Antes de comezar coa orde do día informarlles que como é



habitual non teremos o Pleno ordinario de agosto a finais deste mes e que o faremos na primeira semana, creo, que de setembro.

Sr. Cubela López.- Agora, bos días todos. Queríamos pedir Presidenta unha cuestión de orde, que se pudiera alterar a orde do día das mocións, como solicitamos en comisión, por respecto ás persoas que nos acompañan no público, que representan a cadea do sector mar-industria da nosa provincia, porque bueno, terían que aguantar aquí todo o Pleno, teñen moitos compromisos e traballo, i por iso pediríamos dende o grupo provincial si ten a ben alterar a orde das mocións para que poida ser debatida o punto que solicita o Partido Popular.

Sra. Presidenta.- Como vostede sabe e é habitual as mocións teñen un criterio que é que os grupos maioritarios son os que presentan as mocións e se debaten en primeiro lugar. Estou moi segura de que o sector do mar ten moitísimo traballo pero estou segura que lles vai a interesar moitísimo todos os debates que vamos a facer aquí, que teñen que ver co desenvolvemento da provincia, polo tanto mantemos a orde do día do Pleno porque isto mesmo podería acontecer en moitas ocasións con outras mocións que veñen que tamén afectan a sectores produtivos e á sociedade da provincia de Pontevedra e ese non pode ser criterio como vostede pode entender porque sería un criterio arbitrario. En todo caso tamén quero informarlle que imos remitir unha carta ao Presidente da Confederación de empresarios de Galicia plantexando que non entendemos que hoxe, que vai haber unha votación por unanimidade, sobre esa moción que vostedes plantexan, se sitúen ao lado do Partido Popular. Tamén como eu son moi clara, pois estas cousas as quero dicir publicamente, esta moción vai a saír aprobada por unanimidade, por certo esta moción xa foi debatida no Parlamento de Galicia onde ten representación o Partido Popular, o Partido Socialista de Galicia e tamén o BNG, e foi aprobada por unanimidade, por certo, é no Goberno do Estado e nas comunidades autónomas donde hai competencias, nas deputacións provinciais non temos ningunha competencia nin sobre todo o que afecta a costas nin tampouco o que afecta ao sector do mar. Esta moción simplemente é unha toma de posición, onde, repito, se vai aprobar por unanimidade. Seguramente sería moito máis acaído, máis respectuoso cun goberno que goberna porque o decidiu a cidadanía, que esa foto, que hoxe se fixo, se fixera con todos os grupos, por certo, todas e todos vostedes terían un apoio social moito maior porque os tres grupos avalarían as súas demandas, ¿non?. Polo tanto, tamén, eu, como Presidenta da Deputación, solo ser moi clara me gusta ser moi clara, sabe a xente que hoxe nos acompaña do meu respecto, do



meu cariño, da extraordinaria relación que temos, moitos proxectos conxuntos que desenvolvemos e creo que foi un erro importante dende o punto de vista institucional, quería tamén comezar así. Polo tanto, mantemos a orde do día, lles dou a benvida a esta casa, son vostedes moi ben recibidos, moi ben recibidos, saben que nós apoiamos moitísimo ao sector do mar, que é un sector fundamental para a economía galega, pero creo que é bo que o sector empresarial non se deixe manipular polo Partido Popular, e así quería comezar con esta claridade para que todos teñamos claro donde nos movemos, creo que foi un erro importante, de feito remitiremos unha carta oficial trasladando que a próxima vez vostedes só teñen que levantar o teléfono, como moitas veces ten feito o Sr. Vieites, i eu sempre os atendo i os atendería tamén, e hoxe sería unha foto fantástica que estiveramos todos, os tres grupos, co sector do mar sería a mellor foto que podería ter o sector do mar. Por certo, nós estamos reclamando ante o Goberno do Estado que ningunha lei afecte ao sector do mar que é fundamental en Galicia e na nosa provincia moi en particular. E comezo xa coa orde do día.

1.7827.- ACTA ANTERIOR

Sra. Presidenta.- No punto 1. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión ordinaria do día 23 de xuño do 22. ¿Hai algunha observación? Pois queda aprobada por unanimidade.

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión, ordinaria do día 23 de xuño de 2022.

a) Parte resolutiva:

2.7828.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 4/2022 (EXPTE. 2022048342-2022048057)

Sra. Presidenta.- Pasamos o punto 2 da orde do día. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 4/2022. Ten a palabra o Sr. Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidenta. Bos días a todas e a todos, moi brevemente. Este expediente se tramita por dous motivos: un, pola necesidade de realizar



gastos que non pode demorarse ata o exercicio seguinte; e, dous, para canalizar unha maior acción cultural no territorio. Para darlle resposta a estas dos cuestións se plantea dúas posibilidades: una, incorporación de créditos extraordinarios por importe de 13.780€; e dous, incorporación de suplementos de crédito por importe de 270.000€. En relación aos créditos extraordinarios indicar que se van adicar a una única cuestión que é capitalizar a posibilidade de colaboración co Instituto Galego de Análise Documental Internacional, para la elaboración da actividade a Deputación de Pontevedra e a Acción Exterior de Galicia. En todo caso, a mesma poderase executar con baixas por anulación de partida que dende proxectos transfronteirizos coas universidades. En relación aos suplementos de crédito indicar que na súa totalidade se financian con baixas por anulación correspondentes a sobrantes nas aplicacións incorporadas do exercicio 20-21, e tamén de recursos que non van a ser utilizados correspondentes a esta anualidade dos centros xestores afectados. Así pois, estamos ante unha modificación de crédito marcada pola eficacia, a eficiencia e a prudencia, para seguir tendo recursos cos que atender as necesidades que xurdan ó longo do ano. Gracias a estos suplementos preténdese: un, suplementar con 25.000€ o Programa “Tornar ás Táboas” de teatro, para atender así ás totalidades das demandas dos concellos sen necesidade de deixar ningunha das solicitudes sen atender; dous, suplementar con 245.000€ para a realización dunha nova proposta de cine musicalizado polas bandas de música da provincia, trátase dunha iniciativa novidosa que levará a música e o cine ao territorio. Así pois, a cultura volta a ser un dos principais eixos do noso traballo co que continuamos dando resposta inmediata aos retos que se nos plantexa dende o territorio e a sociedade. Moitas gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Bueno, como non hai máis palabras, someto a aprobación inicial deste expediente de modificación de crédito a votación ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 04/2022. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.04/22), por importe de 13.780,00 euros, suplementos de créditos (SUP.04/22), por importe de 270.000,00 euros e modificación do “Anexo II das bases de execución”.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir



consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:

- Crédito extraordinario (EXT. 04/22), con baixas por anulación correspondentes á previsión para “Convenios con Universidades, Proxectos Transfronteirizos” da aplicación 22/942-9431-454.94, con destino ao convenio/subvención nominativa con IGADI (Instituto Galego de Análises Documental Internacional) (G36741049), actividade: "A Deputación de Pontevedra e a acción exterior de Galicia" .
- Os suplementos de créditos (SUP. 04/22), na súa totalidade con baixas das aplicacións 22/240-2410-489.02/2021 e 22/457-4500-208.00, sendo ditos créditos reducibles sen supoñer unha perturbación nos correspondentes servizos.

Resultando que a Intervención emite informe de data 19 de xullo de 2022, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 04/2022.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 04/2022 da Deputación de Pontevedra, este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.04/22), por importe de 13.780,00 euros, suplementos de créditos (SUP.04/22) por importe de 270.000,00 euros, e baixas por anulación que os financian por importe de 283.780,00 euros . O Detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:



1. Créditos Extraordinarios “EXT. 04/22”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-9431-489.01	A FAMILIAS E ENTIDAES SEN FINS DE LUCRO_ COOPERACIÓN [Subvención nominativa con IGADI (Instituto Galego de Análises Documental Internacional) (G36741049), actividade: "A Deputación de Pontevedra e a acción exterior de Galicia"]	13.780,00 €
	Total Créditos Extraordinarios...	13.780,00 €

Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 04/22:

O convenio/subvención con IGADI (Instituto Galego de Análises Documental Internacional), finánciase con baixas da aplicación 22/942-9431-453.94, ditos créditos estímase reducibles sen perturbación dos respectivos servizos .

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-9431-453.94	UNIVERSIDADES PROXECTOS TRANSFRONTEIRIZOS_ COOPERACIÓN.	-13.780,00 €
	Total Baixas por Anulacións...	-13.780,00 €

2. Suplemento de Crédito “SUP. 04/22”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
330-3340-226.32	GASTOS DIVERSOS, PROGRAMA DE TEATRO_ CULTURA (Tornar ás Táboas)	25.000,00 €
330-3340-226.33	GASTOS DIVERSOS, PROGRAMA DE CINE_ CULTURA (Cine-móbil musicalizado)	245.000,00 €
	Total Suplementos de Créditos...	270.000,00 €

Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 04/22:



O expediente finánciase con sobrantes/baixas das aplicacións 22/240-2410-489.02/2021 e 22/457-4500-208.00, sendo ditos créditos reducibles sen supoñer unha perturbación nos correspondentes servizos.

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓNS:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240-2410-489.02/2021	A FAMILIAS, "O TEU PRIMEIRO EMPREGO, EMPRESAS"_FOMENTO DE EMPREGO	-110.000,00 €
457-4500-208.00	ARRENDAMENTO DE OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL_ARQUITECTURA	-160.000,00 €
	Total Baixas por Anulacións...	-270.000,00 €

Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	270.000,00 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	13.780,00 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-283.780,00 €
SUMA...	0,00 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.....	110.000,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.....	-110.000,00 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOS...	0,00 €

3. Modificación do Anexo II das bases de execución, engadindo e modificando como subvención nominativa do Servizo Cooperación, a seguinte:



APLICACIÓN	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO	Obxecto e finalidade
22/942-9431-489.01	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO_ COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA	13.780,00 €	
G-36.741.049	IGADI (Instituto Galego de Análises Documental Internacional).	13.780,00 €	"A Deputación de Pontevedra e a acción exterior de Galicia"

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 04/2022 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.04/22), por importe de 13.780,00 euros e suplementos de créditos (SUP.04/22) por importe de 270.000,00 euros, máis as modificacións do “Anexo II” das Bases de execución do orzamento, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 04/2022, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.

3.7829.- **APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMULADO PRESENTADO POLO CONCELLO DE BAIONA DA ACTUACIÓN “REMODELACIÓN DA CONTORNA DO PASEO PINZÓN”, AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) (EXPTE. 2021040013)**

Sra. Presidenta.- Pasamos ó punto 3 da orde do día. Aprobación do proxecto reformulado presentado polo Concello de Baiona da actuación “Remodelación da contorna do Paseo Pinzón”, ao abeiro do Programa Reacciona Pontevedra



Provincia. Non hai intervencións, o someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrència competitiva ao Concello de Baiona con destino á execución da actuación denominada “Remodelación da contorna do Paseo Pinzón”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 e emendado no mes de setembro de 2021, para dar cumprimento ao establecido no requirimento de emenda feito polo Servizo de Cooperación da Deputación, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia) (expte. 2021025615).
- O orzamento do investimento ascendía a 1.744.006,88€ e a subvención concedida a 837.119,63€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 906.887,25€.
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. 2022000139 de 13/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 14/01/2022.
- Na data 14/07/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022040066) a resolución de autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia (Servizo de Coordinación Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades) para a “remodelación da contorna do paseo Pinzón”, non obstante coas condicións indicadas na propia resolución.
- Na data 14/07/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núms. rexistro WEB2022040066 e WEB2022040072) un proxecto reformulado do proxecto inicial, para adaptalo ás condicións indicadas na referida resolución de autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que mantén invariable o orzamento inicial.
- Na data 14/07/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022040066) a certificación do acordo do Pleno de aprobación do Proxecto reformulado.



- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na data 14/07/2022, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios introducidos non afectan aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria do Programa reitor e, polo tanto, as puntuación obtidas non se modifican, manténdose invariables as contías das subvencións concedidas.
- Na data 19/07/2022 a Intervención provincial emitiu informe de fiscalización favorable do expediente.
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).



- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución



de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Disposición Xeral 17ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude do artigo 33 da LRBRL, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2ª da LCSP.
- Artigo 8.2 da OXSDEPO, que de conformidade co disposto no artigo 33 da LRBRL, artigo 10 da LXS e base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, atribúe a competencia para resolver ao Pleno.



CONCLUSIÓNS

O proxecto reformulado presentado polo Concello (aprobado polo Pleno da corporación municipal de data 8 de xullo de 2022), redactado no mes de xullo de 2022, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorga a axuda económica da Deputación.

O orzamento do novo proxecto correspóndese co orzamento do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

A Comisión de persoas expertas acorda dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios introducidos non modifican o orzamento de licitación, manténdose os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida non se modifica.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa ReacPon e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de 14/07/2022 (CSV: CF03VDIZD7ZVVIMQ), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 18/07/2022 (CSV: NWBJOI46WSZ0GV57), o informe de Intervención de 19/07/2022 (CSV: MWXJI9BGWO7CKHK0), e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de 22/07/2022 (CSV: G8ZFKBEHHPYG2XZ), o Pleno acorda por unanimidade:

- A aprobación do proxecto reformulado presentado polo Concello de Baiona da actuación “Remodelación da contorna do Paseo Pinzón”, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Baiona, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



4.7830.- **APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMULADO PRESENTADO POLO CONCELLO DE MEAÑO DA ACTUACIÓN “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) (EXPTE. 2021040005)**

Sra. Presidenta.- O punto 4 é exactamente igual que o punto 3 pero neste caso para o Concello de Meaño. Someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Meaño con destino á execución da actuación denominada “Mellora eficiencia enerxética e acondicionamento do Pavillón de deportes de Meaño”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 e emendado no mes de setembro de 2021, para dar cumprimento ao establecido no requirimento de emenda feito polo Servizo de Cooperación da Deputación, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia) (expte. 2021025615).
- O orzamento do investimento ascendía a 450.400,72€ e a subvención concedida a 360.320,58€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 90.080,14€.
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. 2022000335 de 20/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 31/01/2022.
- Na data 11/02/2022, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, o Concello solicita unha subvención por importe de 90.080,14€ con destino ao financiamento da achega municipal ao Programa REACPON para a execución da actuación denominada “Mellora eficiencia enerxética e acondicionamento do Pavillón de deportes de Meaño”, subvención que foi concedida mediante



acordo 8.31424 adoptado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno de data 11/03/2022.

- Na data 12/07/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2022039727) un proxecto reformulado do proxecto inicial (emendado o 14/07/2022 Rexistro WEB2022040036), no que o orzamento aumenta en 53.398,18€ (11,86%), ata o importe de 503.798,90€, “xustificando os axustes na subida xeneralizada dos prezos dos materiais de construción, adecuando o proxecto á realidade do mercado e facer posible e viable a execución da obra, así como favorecer a concorrència das diferentes empresas ao proceso de licitación”. Na mesma data (núm. Rexistro WEB2022040036), o concello tamén presenta unha certificación do acordo do Pleno da corporación municipal, de aprobación do proxecto reformulado e do compromiso do concello de asumir a financiación do incremento do orzamento, que ascende a 53.398,18€.
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa REACPON na data 14 de xullo de 2022, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que o cambio límitase ao incremento do orzamento, xustificado na subida xeneralizada dos prezos dos materiais de construción, sen verse alterados os aspectos técnicos, nin os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas panca afectadas, nin a eficiencia enerxética do edificio, polo tanto, a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica. Non varía o importe da subvención concedida.
- Na data 18/07/2022 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable do expediente.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das



Administracións Públicas (LPACAP).

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDDEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.



Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Disposición Xeral 17ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. Segundo a dita Disposición, a revisión de prezos, cando supoña un incremento dos custos, correrá a cargo



do concello.

Competencia para resolver

- A competencia lle corresponde ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude do artigo 33 da LRBRL, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, e 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2ª da LCSP.
- Artigo 8.2 da OXSDEPO, que de conformidade co disposto no artigo 33 da LRBRL, artigo 10 da LXS e base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, atribúe a competencia para resolver ao Pleno.

CONCLUSIÓNS

O proxecto reformulado presentado polo Concello (aprobado polo Pleno da corporación municipal de data 7 de xullo de 2022), redactado no mes de xuño de 2022, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorga a axuda económica da Deputación.

O Concello asume o compromiso de financiamento do aumento do orzamento do investimento (53.398,18€), manténdose invariable o importe da subvención concedida inicialmente, conforme ao seguinte detalle:

Subvención Inicial		Subvención Definitiva	
Importe orzamento:	450.400,72€	Importe orzamento:	503.798,90€
Importe Subvención:	360.320,58€	Importe Subvención:	360.320,58€
Importe Cofinanciado (Plan Concellos 2022/23, liña 1):	90.080,14€	Importe Cofinanciado (Plan Concellos 2022/23, liña 1):	90.080,14€
		Importe Cofinanciado (Concello)	53.398,18€
% Subvención Reacon /orzamento:	80,00%	% Subvención Reacon /orzamento:	71,52%

A Comisión de persoas expertas acorda dar conformidade ao proxecto presentado tendo en conta que o cambio límitase ao incremento do orzamento, sen verse alterados os aspectos técnicos, nin os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas panca afectadas, nin a eficiencia enerxética do inmobile,



polo tanto, a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica. Non varía o importe da subvención concedida.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa ReacPon e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de 14/07/2022 (CSV: CF03VDIZD7ZVVIMQ), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 18/07/2022 (CSV: HZMSFWWJWY0GYCF6), o informe de Intervención de 18/07/2022 (CSV: VVKJ07LBJJQTD9E), e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfonteiriza e Cohesión Social de 22/07/2022 (CSV: G6QD7GW79KI0SDOG), o Pleno acorda por unanimidade:

- A aprobación do proxecto reformulado presentado polo Concello de Meaño da actuación “Mellora eficiencia enerxética e acondicionamento de Pavillón de deportes de Meaño”, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Meaño, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

5.7831.- **APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO PRESENTADO POLO CONCELLO DO ROSAL DA ACTUACIÓN “REMODELACIÓN DA PRAZA DO CALVARIO”, AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) (EXPT. 2021039566)**



Sra. Presidenta.- E no punto 5, tamén é outro proxecto modificado para un Reacpon neste caso no Concello do Rosal. Non habendo intervencións, o someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello do Rosal con destino á execución da actuación denominada “Remodelación da Praza do Calvario”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia) (expte. 2021025615).
- O orzamento do investimento ascende a 1.518.474,44€ e a subvención concedida a 517.938,05€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 1.000.536,39€.
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. 2022000592 de 28/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 04/02/2022. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.
- En data 25/11/2021 o Concello adxudica a realización do investimento por importe de 1.242.415,78€ (IVE incluído), cun orzamento de licitación de 1.518.474,44€, do que resulta unha porcentaxe de adxudicación de 81,82% e unha baixa de 276.058,66€ (18,18%), formalizándose o contrato administrativo o 22/12/2021.
- Na data 14/07/2022 o Concello presenta no rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022040087) o proxecto modificado pola necesidade de dar resposta aos imprevistos xurdidos durante a execución da obra, debidos ás esixencias da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidades do cambio do emprazamento do cruceiro existente e de



- cambios de pavimento nas zonas de acceso vial. O orzamento do novo proxecto ascende a 1.717.058,12 €, o que supón un incremento de 198.583,68 €, resultando un 13,08% sobre o orzamento inicial.
- Na data 14/07/2022 o Concello tamén presenta no rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022040087) o certificado do acordo de aprobación do proxecto modificado (emendado na data 15/07/2022. núm. rexistro WEB2022040223).
 - Na data 14/07/2022, os Servizos Técnicos de Cooperación emiten informe de supervisión do proxecto modificado.
 - Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na data 14/07/2022, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios dan resposta aos imprevistos xurdidos durante a execución e son debidos ás esixencias da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidades. Non se modifica a superficie da zona de usos peonís, nin cambian os aspectos técnicos, o grao de madurez, os obxectivos propostos da Axenda 2030, as políticas panca afectadas nin os principios Ágora que o proxecto promove, manténdose os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida non se modifica. Estes cambios modifican o orzamento de adxudicación nun 13,078%.
 - Na data 19/07/2022, a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable do expediente.
 - Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu



- Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
 - Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
 - Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
 - Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
 - Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
 - Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO).
 - Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
 - Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control



e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación do concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal



non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas aplicaráselle proporcionalmente a cada administración, de maneira que se siga respectando a porcentaxe mínima de cofinanciamento asignado ao concello en función da tipoloxía da actuación e da poboación. No caso de non existir, ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do concello ou coas doutros entes públicos.

Competencia para resolver

- A competencia lle corresponde ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude do artigo 33 da LRBRL, 185 do TRLRFL, 117 e concordantes do TRRL, 61 do ROFRXEL, e da Disposición Adicional 2ª da LCSP.

CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación do proxecto técnico das obras do investimento ao abeiro do “Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello do Rosal para a execución da actuación denominada “Remodelación da Praza do Calvario”, no marco do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-covid-19. Programa REACPON” (Expte.: 2021039566) non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorga a axuda económica da Deputación.

Visto que o Concello tramitou o oportuno expediente motivado pola necesidade de engadir as variacións estritamente indispensables e necesarias para levar a bo fin a execución do investimento, debidas ás esixencias da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidades do cambio do emprazamento do cruceiro existente e de cambios de pavimento nas zonas de acceso vial.

Visto que queda acreditado no expediente que a modificación non ten carácter substancial. O proxecto modificado incrementa o orzamento de execución en 198.583,68€, tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 276.058,66€ (18,18%), ao aplicar a porcentaxe de adxudicación ao incremento, resulta un importe de 162.481,17€. que pode financiarse integramente contra dita baixa.



Visto que o modificado se presenta antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no PROGRAMA REACPON e que co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Visto o informe de supervisión do proxecto modificado dos Servizos Técnicos de Cooperación de data 14/07/2022 e visto que a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, reunida na mesma data, dá conformidade ao proxecto presentado, poñendo de manifesto que se manteñen os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida non se modifica.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas de 14/07/2022 (CSV: CF03VDIZD7ZVVIMQ), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 18/07/2022 (CSV: X4RUL4JLLZ1VLWY8), o informe de Intervención de 19/07/2022 (CSV: 0JJUACMS30CCFKVH), e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfonteiriza e Cohesión Social de 22/07/2022 (CSV: GOGPBHN2GKVO8TEV), o Pleno acorda por unanimidade:

- A aprobación do proxecto modificado presentado polo Concello do Rosal da actuación “Remodelación da Praza do Calvario”, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello do Rosal, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

6.7832.- **ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN E COMPROMISOS DE EXECUCIÓN DO “PROXECTO: 92210005 – CONDADO PARADANTA, UNA TIERRA ENTRE RIOS” (EXPTE. 2021047846)**



Sra. Presidenta.- No punto 6 e 7 hai dúas aceptacións de subvencións de os Fondos Next Generation. No punto 6 para a execución do “Proxecto Condado-Paradanta, unha terra entre dous ríos” e no punto 7 tamén unha aceptación de subvención para o “Proxecto Deza-Tabeirós, os camiños por dentro”. Si lles parece ben poderíamos debatilos conxuntamente ou que os expliquen brevemente de forma conxunta e logo os votamos por separado. Ten a palabra Sra. Iglesias, pero espere un segundo porque a máquina non me fai caso e non se me pon en cinco, agora si, ten a palabra Sra. Iglesias.

Sra. Iglesias Giráldez.- Moi bo día, moitas gracias Presidenta. Moi bo día a todas e a todos. Traemos hoxe a este Pleno a aceptación, como ben decía a Presidenta, de dúas subvencións de fondos Next Generation que se corresponden cos plans de sustentabilidade turística no destino presentados na convocatoria do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e que forman parte do noso obxectivo de impulsar a sustentabilidade turística nos municipios do reto demográfico. A nos aposta foi a de presentar dous plans destinados ó impulso das comarcas do interior da provincia que están menos desenvolvidas turisticamente e que contan con activos turísticos no eido patrimonial e natural para xerar riqueza e emprego no entorno dunha actividade sostible. Polo tanto, presentamos o “Plan Condado-Paradanta, unha terra entre dous ríos” na convocatoria territorial e o “Plan Deza-Tabeirós Terra de Montes, os camiños por dentro” na convocatoria do Plan Xacobeo. En total destinaremos máis de 4.300.000€ a accións destinadas ao desenvolvemento turístico de nada menos que 10 concellos do Condado-Paradanta e 8 concellos na comarca de Deza-Tabeirós Terra de Montes. Para a financiación deste proxecto recibimos de Europa a través dos fondos Next Generation un total de 3.569.000€, asumindo con recursos propios da Deputación os case 750.000€ restantes o que faría un total de 3.000.000, perdón, de 4.318.490€. O obxectivo que plantexamos para o Plan do Condado Paradanta é de dispoñer dunha estratexia turística intelixente e sostible como ferramenta de dinamización territorial que permita dar profundidade, calidade e variedade á oferta turística activando os recursos culturais e naturais e mellorando a calidade das experiencias turísticas no destino. Destacan como obxectivos específicos a de reorientar a oferta cara novos produtos de turismo responsable vinculados ó turismo activo de natureza, cultura, gastronomía e benestar, aumentar a rendibilidade económica-social do turismo optimizando a experiencia das e dos visitantes, mellorar a sinalización das zonas de interese turístico de carácter patrimonial, aumentar a estadia media das e dos visitantes e reducir a estacionalidade, ampliar os públicos obxectivos e os mercados aos que



dirixir a oferta de turismo de interior e potenciar o desenvolvemento de emprendemento e do capital humano no sector. O obxectivo principal que plantexamos para o Plan Deza–Tabeirós Terra de Montes é promover a transformación do sector turístico na comarca, orientalo cara un modelo eco turístico do Camiño de Santiago e convertelo nunha experiencia memorable para as persoas viaxeiras. Os obxectivos específicos son a xeneración eficiente dos recursos bioculturais ao redor do Camiño de Santiago, cinco vías nunha mesma comarca, incrementar a rendibilidade da actividade turística das e dos peregrinos, incrementar a estadía media e aumentar as pernotas así como custo medio por visitante e mellorar a experiencia das e dos viaxeiros a través da esencia, da proximidade e dos valores do territorio e da comunidade local. Estamos a falar por tanto de plans que parten dunha análise do territorio dun modelo de gobernanza cos concellos e sector que foron consultados na súa preparación e como non gozarán agora dunha participación moi reseñable na execución dos mesmos, e tamén dunha estratexia de abordar a transformación verde e dixital nos sectores estratéxicos desta provincia. Moitas grazas.

Sra. Presidenta.- Gracias Sra. Iglesias. Pois, non habendo máis intervencións sometemos a votación o punto 6. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

ANTECEDENTES

Primeiro. - Trala declaración, pola Organización Mundial da Saúde, da pandemia internacional provocada pola COVID-19 o 11 de marzo de 2020, os países da Unión Europea adoptaron unha serie de medidas coordinadas de emerxencia para protexer a saúde da cidadanía e evitar o colapso da economía. Estas medidas tiveron un drástico impacto económico e social no conxunto dos países da Unión Europea, influíndo directamente na actividade comercial dos seus pobos e cidades. O Consello Europeo do 21 de xullo de 2020, consciente da profunda crisis causada polo coronavirus, aprobou un instrumento excepcional de recuperación temporal coñecido como Next Generation EU dotado con 750.000 millóns de euros. O Fondo de Recuperación garante unha resposta coordinada cos Estados membros da UE para facer fronte as consecuencias económicas e sociais da pandemia.

O núcleo do Fondo de Recuperación constitúe o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), establecido polo Regulamento da (UE) 2021/241 do



Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021. A súa finalidade é apoiar o investimento e as reformas dos Estados membros para lograr unha recuperación sustentable e resiliente, á vez que se promovan as prioridades ecolóxicas e dixitais da Unión Europea. Ten catro obxectivos principais: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise do COVID-19; e apoiar a transición ecolóxica e dixital. Para alcanzar os referidos obxectivos cada Estado membro deseñou un Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que inclúe as reformas e investimentos necesarios para cumprir cos obxectivos do citado Plan.

Segundo.- No caso de España a Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, dá publicidade ao Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que define as estratexias a seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación. As medidas que recolle o plan cumpren cos seis pilares establecidos polo Regulamento da UE, e artículanse ao redor de catro eixos transversais: transición ecolóxica, transformación dixital, cohesión social e territorial e igualdade de xénero. Os catro eixos vertébranse nas 10 políticas panca ou tractoras que van incidir directamente naqueles sectores produtivos con maior capacidade de transformación do tecido económico e social, dentro das cales se recollen 30 compoñentes, que permiten articular os programas coherentes de investimentos e reformas do Plan. Na política panca V “Modernización e dixitalización do tecido industrial e da peme, recuperación do turismo e impulso a unha España nación emprendedora” encádrase o compoñente 14 “Plan de Modernización e competitividade do sector turístico”, Investimento 1.

Ditos investimentos canalízanse a través de distintos instrumentos como son as convocatorias que, respectando o marco competencial, levan a cabo polos ministerios, empresas públicas estatais ou polas propias comunidades autónomas. Neste marco, a Deputación de Pontevedra, coñecedora deste escenario, veu traballando en distintas actuacións para poder optar ás distintas convocatorias dentro do seu ámbito competencial.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Primeiro.- A Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, de acordo co previsto na orde do día, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos. A Estratexia se instrumenta ao redor de Programas de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos nos que participan os tres niveis de administracións turísticas; Administración Xeral do Estado, comunidades ou cidades autónomas e entidades locais.

A súa aprobación permitiu o inicio da convocatoria correspondente ao exercicio 2021 do Programa Extraordinario de Sustentabilidade Turística en Destinos 2021-2023, dirixida a entidades locais, no contexto da submedida 2 do investimento 1 do Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico, compoñente 14 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en diante, PRTR). No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), e como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.I1), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre os tres niveis da Administración. Este programa financia proxectos cuxos créditos serán obxecto de territorialización. Ademais, con base na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, fixa as condicións de participación das comunidades autónomas e as entidades locais, os ámbitos de aplicación, os limiares mínimos de investimento, o procedemento de presentación das propostas e as regras para a súa aprobación, execución e xustificación.

De acordo ao procedemento establecido na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino aprobada na Conferencia Sectorial do 28 de xullo de 2021, a Axencia de Turismo de Galicia elaborou o Plan Territorial de Sustentabilidade Turística Litoral de Galicia que integra o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) da Deputación de Pontevedra no Condado Paradanta “Unha terra entre ríos”. Tras a apertura da convocatoria e a remisión dos PSTD no prazo establecido, as propostas de PSTD e de Actuacións de Cohesión entre Destinos (ACD) foron valoradas por parte das comunidades autónomas e da Secretaría de Estado de Turismo (SETUR), de acordo a criterios obxectivos establecidos na propia Estratexia. Posteriormente, A Axencia de Turismo de Galicia e SETUR compartiron en sesión formalmente convocada o 5 de novembro de 2021 do Comité Consultivo formado por dous representantes da Axencia de Turismo de Galicia, dous representantes de SETUR e unha



representante da FEGAMP as valoracións das intervencións propostas para esta convocatoria 2021. Na devandita reunión, presentouse un informe que contiña a listaxe de todos os PSTD recibidos, as ACD, e as puntuacións asignadas a cada unha desas intervencións. A esta Convocatoria do Comité Consultivo convidouse con voz, pero sen voto, a un representante de cada destino urbano ou cidade con identidade turística que presentaran PSTD a esa convocatoria.

Finalmente, elaborouse a proposta de Plan Territorial de Galicia que inclúe os PSTD e ACD que, obtendo unha nota superior a 70 sobre 100 con base nos criterios de valoración recollidos, encaixaban mellor na planificación turística territorial atendendo ao marco da repartición orzamentaria asignada para 2021 á Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a súa contribución á cohesión territorial e detallando a súa xustificación e coherencia, tanto no que se refire á interrelación do conxunto de intervencións (PSTD e ACD), como ás sinerxias e aliñación de cada unha das intervencións coas estratexias de turismo a nivel autonómico e estatais, así como cos obxectivos xerais e específicos da Estratexia.

Segundo.- A Deputación de Pontevedra mediante un proceso participativo e de colaboración entre as administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino, presentou o 17 de setembro de 2021 o proxecto “CONDADO PARADANTA, UNHA TERRA ENTRE RIOS”. O citado proxecto ten as seguintes características:

Obxectivo xeral: Promover o crecemento equilibrado e impulsar a renovación do sector turístico de Condado Paradanta e orientalo na dinámica do turismo sustentable e mellorar a calidade de vida na contorna. O modelo de desenvolvemento turístico de Condado Paradanta implicará a dinamización económica e social da comunidade e a preservación do seu patrimonio natural e cultural. Situarase ás persoas no centro da estratexia potenciando a xeración de oportunidades e potenciando a participación cidadá e dos visitantes no desenvolvemento dun novo modelo turístico orientado cara á sustentabilidade e creación de tecido produtivo e asociativo. Prevese mellorar a rendibilidade social e económica do turismo na comarca.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: 3 anos (desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2024).



Ámbito de actuación do proxecto: Os Concellos das Neves, Mondariz, Mondariz Balneario, Pontearreas, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, A Cañiza, Arbo, Covelo e Crecente.

Actuacións:

ACTUACIÓN	COSTE TOTAL
ACT001. Plan Director da contorna do Castelo de Sobroso	113.000,00 €
ACT002. Traballos de renaturalización nas ribeiras dos ríos	247.000,00 €
ACT003. Plan de iluminación eficiente do patrimonio	200.000,00 €
ACT004. Plan integral da mobilidade e accesibilidade do destino	155.000,00
ACT005. Producto da realidade virtual en torno á festa do Corpus de Pontearreas	70.000,00 €
ACT006. Ferramentas dixitais para a interpretación de castros e pesqueiras	180.000,00 €
ACT007. Recuperación e posta en valor do patrimonio etnográfico e melloras para o Centro do Tea	75.000,00 €
ACT008. A Festa de Corpus Christi en Pontearreas. Creación do primeiro museo ó aire libre	130.000,00 €
ACT009. Plan de marketing e creación de marca	80.000,00 €
ACT010. Configuración e desenvolvemento de novos produtos turísticos sostibles. Centro BTT	80.000,00 €
ACT011. Club de produto da lamprea	120.000,00 €
ACT012. Apoio ao ente xestor: coordinación, seguimento e avaliación do plan	50.000,00 €
TOTAL DE GASTOS	1.500.000,00 €

Financiamento: 100% o Ministerio.

Orzamento financiable: 1.500.000,00 euros (sen IVE, non sendo este financiable).

Subvención proposta: 1.500.000,00 euros (sen IVE).

Terceiro.- A Resolución do 23 de decembro de 2021, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14, Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, indica que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia un total de 29,38 millóns de euros, entre os que se inclúen



1.500.00,00€ para o proxecto do Condado Paradanta presentado pola Deputación de Pontevedra.

Finalmente, no BOE do 13 de xaneiro publícase a Resolución de 4 de xaneiro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se acorda a distribución dos créditos ás comunidades autónomas, e formalízanse os compromisos financeiros derivados do Acordo da Conferencia sectorial de Turismo de 21 de decembro de 2021, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición para as comunidades autónomas do crédito destinado ao financiamento de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14, investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, para o exercicio 2021, tamén consta no crédito asignado a PT Galicia 2021 ao *PSTD Condado Paradanta "Unha Terra entre dous Ríos"*, detallando a dotación financeira total para a Deputación de Pontevedra en 1.500.000,00€. A desagregación por conceptos do orzamento financiable e distribución da achega é o seguinte:

Actuación	Orzamento financiable	IVE (aportación da Deputación)
ACT001. Plan Director da contorna do Castelo de Sobroso	113.000,00 €	23.730,00 €
ACT002. Traballos de renaturalización nas ribeiras dos ríos	247.000,00 €	51.870,00 €
ACT003. Plan de iluminación eficiente do patrimonio	200.000,00 €	42.000,00 €
ACT004. Plan integral da mobilidade e accesibilidade do destino	155.000,00	32.550,00 €
ACT005.Producto da realidade virtual en torno á festa do Corpus de Pontearreas	70.000,00 €	14.700,00 €
ACT006. Ferramentas dixitais para a interpretación de castros e pesqueiras	180.000,00 €	37.800,00 €
ACT007. Recuperación e posta en valor do patrimonio etnográfico e melloras para o Centro do Tea	75.000,00 €	15.750,00 €
ACT008. A Festa de Corpus Christi en Pontearreas. Creación do primeiro museo ó aire libre	130.000,00 €	27.300,00 €
ACT009. Plan de marketing e creación de marca	80.000,00 €	16.800,00 €
ACT010. Configuración e desenvolvemento de novos produtos turísticos sostibles. Centro BTT	80.000,00 €	16.800,00 €
ACT011. Club do produto da lamprea	120.000,00 €	25.200,00 €
ACT012. Apoio ao ente xestor: coordinación, seguimento e avaliación do plan	50.000,00 €	10.500,00 €



Total de gastos		1.500.000,00 €	315.000,00 €
Distribución da aportación	Orzamento		
Aportación Ministerio	1.500.000,00 €		
Aportación Deputación de Pontevedra (IVE)	315.000,00 €		
TOTAL	1.815.000,00 €		

2022		2023		2024	
Importes	propuesta de Aplicaciones	Importes	propuesta de Aplicaciones	Importes	propuesta de Aplicaciones
239.580,00 €	227.06 Estudios y trabajos técnicos		227.06 Estudios y trabajos técnicos		227.06 Estudios y trabajos técnicos
78.650,00 €	227.99 Otros trabajos realizados por otras empresas	66.550,00 €	227.99 Otros trabajos realizados por otras empresas	90.750,00 €	227.99 Otros trabajos realizados por otras empresas
24.200,00 €	226.02 Publicidad	36.300,00 €	226.02 Publicidad	36.300,00 €	226.02 Publicidad
	652.00 Gastos en inversiones gestionadas para otros entes públicos	496.100,00 €	652.00 Gastos en inversiones gestionadas para otros entes públicos	625.570,00 €	652.00 Gastos en inversiones gestionadas para otros entes públicos
		48.400,00 €	622.07 Gastos en en edificios arrendados o cedidos en uso	72.600,00 €	622.07 Gastos en en edificios arrendados o cedidos en uso

Resultando que consta no expediente informe de 21 de xuño de 2022 da Xefa do Servizo de Turismo, conformada pola Deputada Delegada de Turismo, sobre a aceptación da subvención e xeración do crédito necesario para a execución do “PROXECTO 92210005 – CONDADO PARADANTA, UNA TIERRA ENTRE RÍOS” (CCAA – EELL, COMPOÑENTE 14, INVESTIMENTO 1) NEXT GENERATION UE, MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO Y TURISMO” (CSV: PHO4WG8FPQZ3IGOO).

Resultando que consta no expediente informe de Intervención de 21 de xuño de 2022 (CSV: QGWJ9NO4VZFT2LS1) no que sinala que a distribución de gastos non cumpre os límites establecidos no artigo 174.3 do RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Considerando que o artigo 174.5 do TRLRFL dispón que en casos excepcionais o Pleno da corporación poderá elevar as porcentaxes ás que se refire o apartado 3 do mesmo artigo.



O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Turismo, acorda por unanimidade:

A aceptación da subvención e compromisos de execución do “PROXECTO: 92210005 - “CONDADO PARADANTA, UNA TIERRA ENTRE RIOS” (CCAA-EELL, Compoñente 14_Investimento 1) NEXT GENERATION UE, M.I.COMERCIO Y TURISMO)”, financiado polo MICT (100%, excepto o IVE). Importe total do proxecto: 1.815.000,00€.

7.7833.- **ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN E COMPROMISOS DE EXECUCIÓN DO “PROXECTO 92210002 – DEZA TABEIRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO 2022-24” (EXPTE. 2021045415)**

O debate deste punto prodúcese conxuntamente co punto 6.

Sra. Presidenta.- ... Tamén, agora o punto 7. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

ANTECEDENTES

Primeiro. - Trala declaración, pola Organización Mundial da Saúde, da pandemia internacional provocada pola COVID-19 o 11 de marzo de 2020, os países da Unión Europea adoptaron unha serie de medidas coordinadas de emerxencia para protexer a saúde da cidadanía e evitar o colapso da economía. Estas medidas tiveron un drástico impacto económico e social no conxunto dos países da Unión Europea, influíndo directamente na actividade comercial dos seus pobos e cidades. O Consello Europeo do 21 de xullo de 2020, consciente da profunda crisis causada polo coronavirus, aprobou un instrumento excepcional de recuperación temporal coñecido como Next Generation EU dotado con 750.000 millóns de euros. O Fondo de Recuperación garante unha resposta coordinada cos Estados membros da UE para facer fronte ás consecuencias económicas e sociais da pandemia.

O núcleo do Fondo de Recuperación constitúe o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), establecido polo Regulamento da (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021. A súa finalidade é apoiar o investimento e as reformas dos Estados membros para lograr unha



recuperación sustentable e resiliente, á vez que se promovan as prioridades ecolóxicas e dixitais da Unión Europea. Ten catro obxectivos principais: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise do COVID-19; e apoiar a transición ecolóxica e dixital. Para alcanzar os referidos obxectivos cada Estado membro deseñou un Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que inclúe as reformas e investimentos necesarios para cumprir cos obxectivos do citado Plan.

Segundo.- No caso de España a Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, dá publicidade ao Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que define as estratexias a seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación. As medidas que recolle o plan cumpren cos seis pilares establecidos polo Regulamento da UE, e articúlanse ao redor de catro eixos transversais: transición ecolóxica, transformación dixital, cohesión social e territorial e igualdade de xénero. Os catro eixos vertébranse nas 10 políticas panca ou tractoras que van incidir directamente naqueles sectores produtivos con maior capacidade de transformación do tecido económico e social, dentro das cales se recollen 30 compoñentes, que permiten articular os programas coherentes de investimentos e reformas do Plan. Na política panca V “Modernización e dixitalización do tecido industrial e da peme, recuperación do turismo e impulso a unha España nación emprendedora” encádrase o compoñente 14 “Plan de Modernización e competitividade do sector turístico”, Investimento 1.

Ditos investimentos canalízanse a través de distintos instrumentos como son as convocatorias que, respectando o marco competencial, levan a cabo polos ministerios, empresas públicas estatais ou polas propias comunidades autónomas. Neste marco, a Deputación de Pontevedra, coñecedora deste escenario, veu traballando en distintas actuacións para poder optar ás distintas convocatorias dentro do seu ámbito competencial.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, de acordo co previsto na orde do día, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de



Sustentabilidade Turística en Destinos. A Estratexia se instrumenta ao redor de Programas de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos nos que participan os tres niveis de administracións turísticas; Administración Xeral do Estado, comunidades ou cidades autónomas e entidades locais.

A súa aprobación permitiu o inicio da convocatoria correspondente ao exercicio 2021 do Programa Extraordinario de Sustentabilidade Turística en Destinos 2021-2023, dirixida a entidades locais, no contexto da submedida 2 do investimento 1 do Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico, compoñente 14 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en diante, PRTR). No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), e como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.I1), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre os tres niveis da Administración. Este programa financia proxectos cuxos créditos serán obxecto de territorialización. Ademais, con base na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, fixa as condicións de participación das comunidades autónomas e as entidades locais, os ámbitos de aplicación, os limiares mínimos de investimento, o procedemento de presentación das propostas e as regras para a súa aprobación, execución e xustificación.

Segundo.- En consecuencia, a Deputación de Pontevedra mediante un proceso participativo e de colaboración entre as administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino presentou o 15 de setembro de 2021 o proxecto “DEZA TABELIRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO”. O citado proxecto ten as seguintes características:

Obxectivo xeral: Impulsar a transformación do sector turístico das comarcas e orientalo a un modelo de ecoturismo do Camiño e a unha experiencia memorable para os viaxeiros. Así, no marco do Plan Nacional Turístico Xacobeo 21-22, a transformación do modelo turístico en Deza e Tabeirós-Terra de Montes basearase en potenciar os recursos naturais e culturais do territorio coa finalidade de estruturar unha oferta atractiva e singular en torno aos valores naturais e patrimoniais nos camiños xacobeos da comarca, que garanta unha máis alta permanencia do viaxeiro e unha mellora na calidade da experiencia. O plan prevé transformar o destino, cun maior aproveitamento dos recursos do territorio, a mellora das infraestruturas e a activación de novas iniciativas que garantan a



posta en valor dos camiños xacobeos para os peregrinos, pero que tamén se convertan no fío condutor de produtos e actividades orientadas para calquera viaxeiro interesado co ecoturismo e nunha experiencia de acercamento á identidade do territorio.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: 3 anos (dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2024).

Ámbito de actuación do proxecto: Os Concellos de Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces na comarca do Deza e os de A Estrada e Forcarei na comarca Tabeirós-Terra de Montes.

Actuacións:

Actuación
ACT001. Ecoruta Galicia por dentro
ACT002. Áreas de refuxio do peregrino
ACT003. Posta en valor do recurso ecosistémico da Rapa das Bestas
ACT004. Intervencións de mellora da camiñabilidade da Vía da Prata
ACT005. Instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos
ACT006. A peribici. Mobilidade sostible nos Camiños Deza - Tabeirós Montes
ACT007. Sinalización turística intelixente e Smartguide dos recursos vinculados ós Camiños de Santiago
ACT008. Museografía dixital dos mosteiros de Carboeiro e Aciveiro e experiencia dixital Rapa das Bestas
ACT009. Comunicación dixital camiño da Geira e dos Arrieros e Miñoto Ribeiro
ACT010. Plan de marketing dixital, central de reservas e promoción do destino
ACT011. Plan de formación sectorial
ACT012. Singularización dos Camiños de Santiago e impulso ó recoñecemento oficial
ACT013. Mesa de Turismo Sostible e Pacto Local
ACT014. Apoio ó ente xestor: coordinación avaliación e seguimento

Financiamento: 100% o Ministerio.

Orzamento financiable: 2.069.000,00 euros (sen IVE, non sendo este financiable).

Subvención proposta: 2.069.000,00 euros (sen IVA).



Terceiro. - O 8 de decembro de 2021 publícase no BOE o Real Decreto 1073/2021, de 7 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións destinadas á financiación do Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, no marco do Plan Nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No artigo 4 de Entidades beneficiarias sinala entre outras á Deputación de Pontevedra, e no artigo 7 referido ás contías e financiación detalla a dotación financeira total para a Deputación de Pontevedra en 2.069.000,00€.

A desagregación por conceptos do orzamento financiable e distribución da aportación é a seguinte:

Actuación	Orzamento financiable	IVE (aportación da Deputación)
ACT001. Ecoruta Galicia por dentro	229.000,00 €	48.090,00 €
ACT002. Áreas de refuxio do peregrino	195.000,00 €	40.950,00 €
ACT003. Posta en valor do recurso eco sistémico da Rapa das Bestas	105.000,00 €	22.050,00 €
ACT004. Intervencións de mellora da camiñabilidade da Vía da Prata	223.000,00 €	46.830,00 €
ACT005. Instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos	40.000,00 €	8.400,00 €
ACT006. A peribici. Mobilidade sostible nos Camiños Deza - Tabeirós Montes	180.000,00 €	37.800,00 €
ACT007. Sinalización turística intelixente e Smartguide dos recursos vinculados aos Camiños de Santiago	210.000,00 €	44.100,00 €
ACT008. Museografía dixital dos mosteiros de Carboeiro e Aciveiro e experiencia dixital Rapa das Bestas	275.000,00 €	57.750,00 €
ACT009. Comunicación dixital Camiño da Geira e dos Arrieros e Miñoto Ribeiro	115.000,00 €	24.150,00 €
ACT010. Plan de marketing dixital, central de reservas e promoción do destino	190.000,00 €	39.900,00 €
ACT011. Plan de formación sectorial	60.000,00 €	12.600,00 €
ACT012. Singularización dos Camiños de Santiago e impulso ao recoñecemento oficial	163.000,00 €	34.230,00 €
ACT013. Mesa de Turismo Sostible e Pacto Local	24.000,00 €	5.040,00 €
ACT014. Apoio ao ente xestor: coordinación avaliación e seguimento	60.000,00 €	12.600,00 €
Total de gastos	2.069.000,00 €	434.490,00 €



Distribución da aportación	Orzamento
Aportación Ministerio	2.069.000,00 €
Aportación Deputación de Pontevedra (IVE)	434.490,00 €
TOTAL	2.503.490,00 €

2022		2023		2024	
Importes	propuesta de Aplicaciones	Importes	propuesta de Aplicaciones	Importes	propuesta de Aplicaciones
249.368,00 €	227.06 Estudios y trabajos técnicos		227.06 Estudios y trabajos técnicos		227.06 Estudios y trabajos técnicos
104.008,00 €	227.99 Otros trabajos realizados por otras empresas	204.490,00 €	227.99 Otros trabajos realizados por otras empresas	204.490,00 €	227.99 Otros trabajos realizados por otras empresas
45.980,00 €	226.02 Publicidad	91.960,00 €	226.02 Publicidad	91.960,00 €	226.02 Publicidad
102.754,00 €	652.00 Gastos en Inversiones gestionadas para otros entes públicos	704.220,00 €	652.00 Gastos en Inversiones gestionadas para otros entes públicos	704.220,00 €	652.00 Gastos en Inversiones gestionadas para otros entes públicos

Tendo en conta o sinalado ao respecto das condicións económicas do Plan de sustentabilidade turística, así como o sinalado en xeral no Título IV - Capítulo I, do Real Decreto 36/2020, de 30 de decembro, referido ás especialidades en materia de xestión e control orzamentario e, en concreto, no artigo 42 referido ás incorporacións de crédito, aínda que de carácter non básico.

Resultando que consta no expediente informe de 16 de xuño de 2022 da Xefa do Servizo de Turismo, conformada pola Deputada delegada de Turismo, sobre a aceptación da subvención e xeración do crédito necesario para a execución do “PROXECTO 92210002 – DEZA TABELIROS, OS CAMIÑOS POR DENTRO 2022-24 (P.Panca V_COMPOÑENTE 14) NEXT GENERATION UE, MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO Y TURISMO” (CSV: V231M2VA3ELCSGD1).

Resultado que consta no expediente informe de Intervención de 17 de xuño de 2022 (CSV: T10NV68X5EFK3COV) no que sinala que a distribución de gastos non cumpre os límites establecidos no artigo 174.3 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Considerando que o artigo 174.5 do TRLRFL dispón que en casos excepcionais o Pleno da corporación poderá elevar as porcentaxes ás que se refire o apartado 3 do mesmo artigo.



O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Turismo, acorda por unanimidade:

A aceptación da subvención e compromisos de execución do “Proxecto 92210002 -DEZA TABEIRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO 2022-24 (P Panca V_ Compoñente 14) NEXT GENERATION UE, M.I.COMERCIO Y TURISMO”, financiado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (100%, excepto o IVE). Importe total do proxecto: 2.503.490,00€.

8.7834.- **APROBACIÓN INICIAL DO “PROXECTO DE MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E SENDA PEONIL NA EP-2106 A RAMALLOSA-PARADA, DENDE O PQ 3+200 AO PQ 4+195 (NIGRÁN)” E DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN (EXPTE. 2022030189)**

Sra. Presidenta.- No punto 8. Aprobación inicial do “Proxecto de mellora da seguranza viaria e senda peonil na estrada provincial A Ramallosa-Parada. Non hai solicitude de intervencións, polo tanto a someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Antecedentes

1. En xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o seu novo Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/85 e na Lei de Estradas de Galicia 8/2013. Esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Cumprindo co Decálogo de Criterios, e coa fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído, a Deputación de Pontevedra está concienciada na necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, tanto nas vías de titularidade provincial como local, autonómica ou estatal. Por ese motivo redáctase o proxecto de construción da obra



“*MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E SENDA PEONIL NA EP-2106 A RAMALLOSA - PARADA, NIGRÁN*”. Esta estrada é de dobre sentido de circulación e de sección variable, conecta A Ramallosa con Parada. Na marxe dereita do treito comprendido entre o PQ 3+200 e o PQ 4+195 atópase o Cemiterio e na marxe esquerda a Igrexa de Santiago de Parada.

O proxecto contempla as actuacións necesarias para mellorar a seguridade viaria, incluíndo a creación dunha nova senda peonil e novos espazos de tráfico compartido, que garantan un itinerario peonil seguro desde a intersección coa PO-332, pasando polo núcleo rural de Santiago de Parada, ata o cemiterio. Para iso deséñase unha nova ordenación dos espazos do vial e unha renovación dos pavimentos. Contémplase a renovación da iluminación e da recollida das pluviais.

A actuación comprende uns 995 metros de lonxitude. Así mesmo, debido a que as características do trazado, faise necesaria a ocupación de varias parcelas que limitan coa actuación.

2. O proxecto de construción da obra foi redactado pola enxeñeira de camiños, canles e portos Trinidad López Rodríguez, pertencente á empresa Galaicontrol SL e o director do proxecto é o enxeñeiro de camiños, canles e portos Don Francisco Alonso Fernández, xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.

No anexo núm. 15 do proxecto de construción da obra prevese a expropiación de 19 parcelas no Concello de Nigrán, así como unha serie de bens que resultan afectados pola actuación.

3. O importe total dos bens e dereitos afectados ascende a quince mil seiscentos dez euros con oitenta e seis céntimos (15.610,86€), que serán financiados polo Concello de Nigrán de conformidade co acordo adoptado na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Nigrán celebrado o día 28 de marzo de 2022 e remitido á Deputación.

Consideracións legais e técnicas

1ª.- Lexislación aplicable.

— Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL).

— Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

— Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia (RXEG).
- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa (LEF), e o seu regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana (TRLSRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o regulamento de valoracións da lei do solo.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

2ª.- Documentación.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- O proxecto de construción da obra de “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP-2106 A Ramallosa- Parada, dende o PQ 3+200 ao PQ 4+195 (Concello de Nigrán)”, redactado pola enxeñeira de camiños, canles e portos Trinidad López Rodríguez, pertencente á empresa Galaicontrol SL e o director é o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Francisco Alonso Fernández, xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- O proxecto inclúe un Anexo (núm. 15) sobre as necesidades de ocupación de terreos.

Están afectadas 19 parcelas situadas no Concello de Nigrán, así como unha serie de bens que resultan afectados pola actuación, sendo a superficie a expropiar 611 m² de superficie de núcleo rural e 1.878,89 m² de solo rústico.

O importe total dos bens e dereitos afectados ascende a quince mil seiscientos dez euros con oitenta e seis céntimos (15.610,86€), que serán financiados polo Concello de Nigrán de conformidade co acordo adoptado na sesión ordinaria do Pleno do Concello de Nigrán celebrada o día 28 de marzo de 2022 e remitida á Deputación de Pontevedra.



Organismo	Achega	%
Concello de Nigrán	15.610,86€	100
TOTAL EXPROPIACIONES	15.610,86€	100

— Informe, de 25 de abril de 2022, de supervisión favorable do proxecto no que se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e ambiental.

— Informe do xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 23 de xuño de 2022 respecto da declaración de urxencia de ocupación e motivación desta.

— Nota simple informativa do Rexistro da Propiedade de Vigo núm. 6, de 11 de maio de 2022, no que se indica que non constan asignadas a ningunha finca rexistral inscrita nese rexistro as seguintes referencias catastrais:

54035A06100001	54035A06100051
	54035A06100395
54035A06100103	54035A06100038
	54035A06100046
54035A06100383	54035A06100045
54035A06100070	54035A06100039
	54035A06100044
54035A06100368	54035A06100041
54035A06100029	
54035A06100024	
54035A06100033	

En canto ás referencias catastrais 54035A06100034, 54035A06100394, 54035A06100415 fai constar o seguinte:

54035A06100034: consta asignada á finca de Nigrán 28719 con código rexistral 36025001044704. Titular: Inveracapor SL.

54035A06100394: consta asignada á finca de Nigrán 22247 con código rexistral 36017000708114. Titular: Benito Villar, Adrián Jacobo e Tania del Río Blanco.



54035A06100415: consta asignada á finca de Nigrán 28723 con código rexistral 36025001044865. Titular: Raúl Sanromán Pérez.

— Certificación catastral das parcelas coas referencias catastrais números:

54035A06100001	54035A06100051
54035A06100103	54035A06100034
54035A06100383	54035A06100394
54035A06100415	54035A06100395
54035A06100070	54035A06100038
54035A06100368	54035A06100046
54035A06100029	54035A06100045
54035A06100024	54035A06100039
54035A06100033	54035A06100044
	54035A06100041

Segundo o artigo 3.2 da LEF, salvo proba en contrario, a Administración que expropie considerará propietario ou titular a quen conste con este carácter en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, ao que o sexa pública e notoriamente.

O artigo 17 da LEF esixe que a Administración formule unha relación concreta e individualizada na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación. Tras a exposición pública por medio do Boletín Oficial da Provincia e dos taboleiros do Concello, aprobaranse definitivamente a relación de propietarios e bens afectados, declarándose a necesidade de ocupación destes.

O acordo será publicado e notificado aos expropiados, iniciándose así o expediente de expropiación (artigo 20.2 do RLEF).

Nos casos de indeterminación ou descoñecemento dos titulares ou dos seus domicilios, a notificación deberá realizarse simultaneamente por Edictos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, en cuxo termo radiquen os bens (artigo 20.4 do mencionado Regulamento).



Unha vez publicado o Edicto no Boletín Oficial da Provincia, ante a falta de coñecemento do titular ou do domicilio deste e para que se lle poida notificar o expediente nas súas sucesivas actuacións, a LEF dispón que “se entenderán as dilixencias co Ministerio Fiscal cando, efectuada a publicación a que se refire o artigo 18, non compareceren no expediente os propietarios ou titulares “(artigo 5.1)”.

3ª.- Motivación da declaración da urxencia da ocupación.

O artigo 56.1 do RLEF establece que “1. O acordo polo que se declare a urxente ocupación de bens afectados por unha expropiación, deberá estar debidamente motivado, coa exposición das circunstancias que, de ser o caso, xustifican o excepcional procedemento previsto no artigo 52 da Lei e contendo referencia expresa aos bens aos que a ocupación afecta ou ao proxecto de obras no que se determina, así como ao resultado da información pública na que por imposición legal ou, no seu defecto, por prazo de quince días, se oíra aos afectados pola expropiación de que se trate”.

No expediente consta o informe emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 23 de xuño de 2022 no que se sinala:

“Dende o punto de vista técnico, considérase axeitado iniciar o expediente expropiatorio pola vía da urxencia, xa que entre o PQ 3+200 e o PQ 4+195 da E.P. 2106 Ramallosa- Parada atópase un gran núcleo de poboación que polas características actuais da vía dispoñen dun treito moi perigoso, sen beiravías e con moitas curvas que dificultan a visibilidade impedindo camiñar con seguridade, obrigando aos peóns a invadir a estrada e convivir neste treito cos vehículos motorizados, co risco que iso supón para a seguranza viaria, véndonos obrigados a expropiar de forma urxente estas dezanove parcelas para poder conseguir así unha maior seguridade viaria na zona de actuación tanto para os peóns como para os vehículos motorizados”.

O artigo 56.1 do REG (efectos da aprobación definitiva dos proxectos) establece: “1. A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará, para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes:

- a) A declaración de utilidade pública.
- b) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais



sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto.

- c) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para o trazado de planta do proxecto.
- d) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para as modificacións do proxecto que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente.
- e) A declaración da urxencia da ocupación.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, será imprescindible que o anteproxecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente inclúa, entre os documentos que o compoñen, a relación concreta e individualizada na cal se describan, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias, e que se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa.

3. Logo de aprobados definitivamente os anteproxectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos na lexislación de estradas de Galicia e neste regulamento serán efectivas respecto dos terreos que afecten a actuación correspondente (artigo 22.6 LEG)”.

4ª.- Información pública – Prazo de exposición pública.

O artigo 93 do TRRL dispón: “A aprobación dos proxectos de obras locais axustarase ao procedemento legalmente establecido. En todo caso, as provinciais, unha vez tomados en consideración os proxectos pola Deputación Provincial, serán sometidos a información pública con carácter previo á súa resolución definitiva”.

A regulación dos estudos e proxectos para construír novas estradas ou modificar as existentes e o procedemento para a súa aprobación contense nos artigos 15 a 22 –ambos incluídos– da LEG e 44 a 57 do RXEG.



Con respecto á información pública regúlanse os supostos de información pública preceptiva no artigo 21.1 da LEG e 49.1 e 2 do RXEG. Son preceptivos - información pública e informe das administracións afectadas- nos seguintes supostos establecidos no artigo 49.1 e 2 do RXEG:

- “a) Construción de novas estradas ou treitos delas que non se previsen no planeamento urbanístico municipal.
- b) Modificacións substanciais de estradas existentes que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que existe afección significativa nos seguintes supostos:
 - 1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.
 - 2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación. (Artigo 21.1 LEG)”.

“2. Tamén serán sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas aqueles estudos ou proxectos de:

- a) Actuacións que deban ser sometidas a avaliación ambiental, segundo a lexislación básica e autonómica sobre a materia.
- b) Actuacións que requiran un estudo de viabilidade, por estar prevista a súa execución e explotación en réxime de concesión de obra pública, segundo o esixido na lexislación de contratos do sector público.
- c) Actuacións en municipios que carezan de planeamento urbanístico municipal, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e en terreos que teñan a consideración de urbanos, segundo os criterios previstos na lexislación urbanística”.

No artigo 49.3 do RXEG establécese que no resto de estudos e proxectos, a decisión de sometemento aos trámites de información pública e de informe das administracións afectadas será potestativa da administración promotora da actuación.



Finalmente, no 49.4 do RXEG establécese que: “Para os efectos deste artigo, en ningún caso terán a consideración de novas estradas as duplicacións de calzada, os acondicionamentos de trazado, os ensanches da plataforma, as melloras de firme e, en xeral, todas aquelas outras actuacións que non impliquen un cambio da súa clasificación ou que non supoñan unha modificación substancial na funcionalidade dunha estrada preexistente”.

Segundo a normativa reguladora das estradas de Galicia, atendendo ao exposto na memoria do proxecto e ao informe de supervisión, non estamos ante un suposto de necesidade de sometemento a información pública e informe das administracións afectadas para os efectos de tramitación da aprobación do proxecto. Non obstante, a esixencia de que á aprobación definitiva do proxecto se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa obriga á exposición pública por un período de quince días (art. 17 e 56.1 do RLEF) da relación dos bens e dereitos, para que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. Esta consideración, unida á previsión do artigo 93 do TRRL, tal e como se sinala no informe de Secretaría, lévanos a concluír que a exposición pública ha de ter lugar podendo, tal e como se sinala no informe de Secretaría, simultánea á exposición do proxecto e á da relación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa.

Con respecto do prazo de exposición do proxecto se temos en conta o establecido no derradeiro parágrafo do artigo 83.2 da LPAC non podería ser inferior a vinte días.

5ª Aprobación definitiva do proxecto.

Con respecto da Administración competente para a aprobación definitiva do proxecto segundo as circunstancias concorrentes neste expediente considérase que:

Do xogo combinado dos artigos 16 e 22.3 e 4 da LEG, así como dos artigos 55.3, 4 e 5, do REG, dedúcese, a salvo criterio mellor fundado, que a aprobación definitiva dos proxectos de obras promovidos polas Entidades Locais corresponderíalle á Xunta de Galicia:

- Cando precisen de exposición pública segundo o artigo 21.1 e no trámite algunha Administración expresase de maneira motivada a súa falta de conformidade co trazado proposto.



- Cando simultaneamente precisen de información pública segundo o art. 21.1 da Lei; e non se encontren incluídos nalgún dos instrumentos que sinala o artigo 22.4 (o Plan director de estradas de Galicia, o plan sectorial de estradas da administración promotora, nin no planeamento urbanístico municipal).

De tal forma que, de non precisar de información pública, a aprobación definitiva lle correspondería á propia Entidade local, sendo así mesmo a competente cando procedendo tal información non se presentase desconformidade co trazado por ningunha Administración e a actuación estea prevista nalgún dos instrumentos anteriores.

Na Deputación a competencia para a aprobación do proxecto (inicial e definitiva), coas declaracións implícitas que supón a efectos da expropiación, estímase reside no Pleno de conformidade co art. 3.4 do RLEF. Non se encontrou precepto que implique acordo con maioría cualificada (art. 47 Lei 7/1985).

Conforme á memoria do proxecto non estamos ante a construción dunha estrada nova ou treito dela non previsto no planeamento urbanístico municipal, nin ante unha modificación substancial de estrada existente que afecten de xeito significativo ó planeamento urbanístico municipal, entendendo que, segundo a LEG, considérase que existe afección significativa nos seguintes supostos:

- “1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.
- 2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación. (Artigo 21.1 LEG)”.

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación.



Non é preceptivo o informe de Secretaría, tal e como se sinala no seu informe de data 12/08/2021 debendo incorporarse ao expediente o informe de Intervención.

Polo indicado, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto de construción da obra “Mellora da seguraza viaria e senda peonil na EP-2106 A Ramallosa-Parada, dende o PQ 3+200 ao PQ 4+195. Concello de Nigrán”, cun orzamento de licitación de 973.023,39€ e de expropiacións de 15.610,86€.

Segundo.- Expoñer ao público o proxecto de construción da obra por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na Sede Electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.

Terceiro.- Aprobar a relacións de bens e dereitos afectados pola expropiación e tramitación do procedemento de expropiación.

Cuarto.- Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, nun dos diarios de maior circulación da provincia, no taboleiro de edictos e do Concello onde radican os bens a expropiar, polo prazo de quince días hábiles, co fin de que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. De non producirse alegacións entenderase definitivamente aprobada.

Quinto.- Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

Anexo.- Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

Núm. parcela	Ref. Catastral	Superficie/bens afectados
1	54035A06100001	474,74 m ² núcleo rural



Núm. parcela	Ref. Catastral	Superficie/bens afectados
		701,83 m ² Superficie rústico
14	54035A06100103	136,57 m ² núcleo rural
15	54035A06100383	138,07 m ² Superficie rústico
24	54035A06100415	106,39 m ² Superficie rústico
25	54035A06100070	241,89 m ² Superficie rústico
28	54035A06100368	151,24 m ² Superficie rústico
29	54035A06100029	28,36 m ² Superficie rústico
30	54035A06100024	105,72 m ² Superficie rústico
31	54035A06100033	120,52 m ² Superficie rústico
32	54035A06100051	9,33 m ² Superficie rústico
33	54035A06100034	11,07 m ² Superficie rústico
34	54035A06100394	2,86 m ² Superficie rústico
35	54035A06100395	17,62 m ² Superficie rústico
36	54035A06100038	71,47 m ² Superficie rústico
37	54035A06100046	37,71 m ² Superficie rústico
38	54035A06100045	69,48 m ² Superficie rústico
		9 Estructuras
39	54035A06100039	1,13 m ² Superficie rústico
41	54035A06100044	28,84 m ² Superficie rústico
42	54035A06100041	35,36 m ² Superficie rústico

9.7835.- **MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DO PSdeG-PSOE E DO BNG POLA QUE SE SOLICITA Á XUNTA DE GALICIA A RECUPERACIÓN DA TARXETA BÁSICA E QUE COMPLETE CON OUTROS 200€ O CHEQUE ESTATAL APROBADO NO DECRETO ANTICRISE 11/2022 PARA AS FAMILIAS VULNERABLES (EXPTE. 2022048591)**

Sra. Presidenta.- Pasando ó punto 9. Moción dos Grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG pola que se solicita á Xunta de Galicia a recuperación da tarxeta básica e que complete con outros 200 euros o cheque estatal aprobado no Decreto anticrise 11/22 para as familias vulnerables. Ten a palabra o Sr. López Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidenta. Buenos días otra vez a todas y a todos. Cuando hablamos de personas que se encuentran en situación de vulnerabilidad,



bien por carecer de ingresos o por otras cuestiones, estamos hablando siempre de personas que no han elegido esa situación. Son personas que han llegado a una situación insostenible, que se puede derivar de diferentes situaciones, problemas laborales, sociales, sanitarios-económicos que además luego se corresponden con cuestiones generalizadas que afectan a todos como la crisis de 2008, Covid o la inflación sobrevenida que tenemos por la guerra de Ucrania. Pero es importante atender a la situación en la que estamos, y es importante atender al informe publicado por la Red europea de lucha contra la pobreza y la exclusión social que literalmente dice “que el estado de pobreza en Galicia en 2020 se cifra en un 25,7% de la población gallega que está a vivir en situación de pobreza y exclusión social”. Este dato, evidentemente, pone de manifiesto el fracaso de las políticas económicas, sociales y de empleo de la Xunta de Galicia, que cuenta en este año 2022, con un presupuesto de 13.118.000 de euros, en gran parte provenientes de los fondos del Estado y de la Unión Europea y que muchos de ellos tienen ese carácter finalista de ayudar a los más vulnerables. Frente a esta situación que ciertamente debe de ser atendida, el gobierno de la Xunta de Galicia ha tomado una decisión, a nuestro entender muy grave, y es dar carpetazo y suprimir a la única, a la única, y lo enfatizo, medida adoptada por el gobierno gallego para ayudar a las familias en situaciones de vulnerabilidad. Resulta, desde luego, sólo voy a decir sorprendente que el Presidente de la Xunta de Galicia, el Sr. Rueda, diga que “como la situación excepcional de la pandemia esta rematada”, cuando desde el gobierno gallego se hacen llamamientos en relación con esta pandemia dice que ya no se puede mantener esta tarjeta, desde luego, olvidándose de que muchas de las familias de este círculo de pobreza continúan en la misma situación agravada por una inflación del 11,1% en Galicia, un punto más que la media española. También, desde luego, resulta sorprendente anteponer ayudas que se anuncian a internet, ayudas a bicicletas eléctricas, que seguro que las personas que necesitan de esta tarjeta básica no tienen entre sus bienes precisamente estas cuestiones. Por lo tanto, es cierto que parece que no le importa nada al gobierno gallego la inflación que se está sufriendo y cómo afecta a las familias. Pero quiero hacer una reflexión en este debate, en total en Galicia según los datos de la propia Xunta de Galicia se atendieron a cincuenta y siete mil personas, para ello la Xunta de Galicia sólo destino 31.000.000 de euros que supone el 0,02% de su presupuesto, y, desde luego, a partir de aquí vienen las preguntas. ¿Creemos que no vale la pena seguir en este esfuerzo económico para darle la tarjeta básica a quién realmente se necesita? Hay que recordar otro dato, esta tarjeta en la provincia de Pontevedra se han expedido 3.400 tarjetas, es deducible pensar que afecta entre quince y veinte mil personas de nuestra provincia; tarjetas con cargas



de entre 150 y 300 euros para las necesidades básicas, es una tarjeta de la dignidad, es colocar a estas personas que están en esta situación de vulnerabilidad en condiciones similares a las que afortunadamente podemos gozar nosotros. Por lo tanto, quitarle esta tarjeta de la dignidad es, desde luego, atender contra la dignidad de estas personas. Por lo tanto, aquí lo que pedimos en esta moción es que estas tres mil cuatrocientas familias, que estas entre quince y veinte mil personas mantengan esta tarjeta básica, es el momento de rectificar, el gobierno de la Xunta de Galicia debe de aprovechar la oportunidad que brinda el Gobierno de España y debe sumarse a las medidas que se están adoptando a nivel estatal, y creemos que, desde luego, el gobierno estatal, que viene de aprobar un cheque de 200€, bueno sería que se adoptase en Galicia una situación, una opción similar a esta. Muchas gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Pois non hai mais palabras así que someto, ¡ah!, Sr. Cubela, vale. Ten a palabra Sr. Cubela.

Sr. Cubela López.- Si, non imos a formular debate dende o Grupo Popular para axilizar a celebración do Pleno e que poidamos chegar á moción do Partido Popular, e vaia por diante que non aceptamos leccións de con quen, cidadáns libres, se poden facer ou non foto.

Sra. Presidenta.- Sr. Cubela, non ten vostede a palabra para facer vostede ese tipo de cuestións, Sr. Font, Sr. Cubela, é tremendo que ante un número tan importante de xente, cincuenta e sete mil persoas vulnerables vostedes digan publicamente, e esto se transmite por streaming, que a sociedade de Pontevedra e galega saiba que o Sr. Cubela di que non lle interesa fixar posición sobre unha tarxeta que presta servicios a cincuenta e sete mil persoas vulnerables porque quere que vaíamos moi rápido para chegar á terceira moción. Na miña vida vin un argumento, dende logo, non o quero calificar pero os calificativos que me saen son bastante negativos, terribles, pois ben como non hai máis intervencións sobre esta moción a someto a votación. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda aprobada por dezaseis votos a favor e dez en contra.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos en contra do PP, aprobar a Moción dos Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG pola que se solicita á Xunta de Galicia a recuperación da tarxeta básica e que complete con outros



200€ o cheque estatal aprobado no decreto anticrise 11/2022 para as familias vulnerables, cuxo contido é o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia deu carpetazo este pasado mes de xuño á Tarxeta Básica, a única medida adoptada polo Goberno galego para axudar ás familias en situación de vulnerabilidade durante a pandemia e o período inmediatamente posterior. A retirada fulminante desta medida non pode ser máis desafortunada pois coincidiu, xustamente, no mes en que Galicia bateu o récord de inflación alcanzando un 11,1% (case un punto máis que a media española).

Cando as galegas e galegos en situación económica máis precaria peor o están a pasar polo crecemento dos prezos na alimentación na nosa terra, a Xunta retira a súa única iniciativa real de corte social alegando, en palabras do presidente Rueda, que a "situación excepcional provocada pola pandemia, está rematada". Tal mostra de insensibilidade merece reproche e crítica social.

Á Xunta non se lle ocorre outra cousa que tratar de tapar unha decisión tan incomprendible e insensible aprobando axudas anecdóticas para pagar o provedor de Internet a esas familias ás que lle retira a axuda para mercar comida. Ou, con outra pirueta propagandística: axudas para que as mesmas familias que teñen que botar números cada vez que van ao supermercado poidan mercar bicicletas eléctricas, aparellos que polo seu prezo seguirán moi lonxe do seu alcance a pesar das folclóricas subvencións de entre 500 e 700 euros anunciadas por este sorprendente Goberno galego que considera prioritaria a banda ancha ou o ciclismo asistido aos pratos de comida na mesa.

Galicia leva dende febreiro de 2021 rexistrando cifras de inflación superiores ás de España. En xuño bateuse o récord. En lugar de reaccionar, a Xunta vai para atrás e refúxiase na improvisación.

A Tarxeta Básica, que segundo a mesma Xunta de Galicia, beneficiou a 55.000 galegas e galegos é hoxe unha medida que resulta urxente recuperar. Baste con recordar que na nosa provincia expedíronse 3.400 tarxetas (2.200 en Vigo e outras 1.200 en Pontevedra). Tarxetas con cargas de entre 150 e 300 euros ao mes para ir ao supermercado e mercar comida ou produtos de hixiene, é dicir produtos de primeirísima necesidade.



Mentres a Xunta aplica a súa receita habitual de recortes nas medidas sociais o Goberno de España vén de ratificar nas Cortes o Real Decreto 11/2022 de medidas anticrise, co voto favorable do PSOE e o BNG, pero coa abstención do PP. Un decreto que prorroga o desconto de 20 céntimos nos carburantes, establece descontos nos multiviaxes en tren (ampliados agora ao 100%) e dun 30% nos desprazamentos por estrada de competencia autonómica e local. Ademais sube un 15% o Ingreso Mínimo Vital, as pensións non contributivas e as de viúvas e invalidez. Un decreto estatal que rebaixa o IVE das máscaras cirúrxicas ao 4% e o da luz ao 5%, que limita a un 2% a suba nos alugueiros, que prohibe o corte de subministros básicos, conxela a bombona de butano e impide os despedidos por parte das empresas con axudas públicas.

Ademais, o Goberno do Estado aprobou un cheque de 200 euros para persoas autónomas en dificultades e familias en situación de vulnerabilidade económica, amosando así a súa vontade de que ninguén quede atrás, nin na pandemia, nin na crise de inflación global que chega a resultados da crise de materiais e loxística e da guerra de Ucraína.

Preguntado polas medidas aprobadas polo Goberno, a reacción do presidente Rueda, a máxima autoridade desta Xunta que elimina as axudas para comida mentres aproba outras para que as familias vulnerables poidan ter Internet ou bicicletas eléctricas, foi dicir que non lle gusta "o todo gratis".

Por todo elo, o Pleno da Deputación de Pontevedra, ACORDA:

1. Instar á Xunta de Galicia a recuperar, con efecto inmediato e permanente a Tarxeta Básica para que as familias vulnerables poidan cubrir as súas necesidades básicas. Manter e utilizar esta tarxeta como "ponte asistencial" de axuda ás persoas que aínda non accederon á cobertura do Ingreso Mínimo Vital e/ou da Risga.
2. Instar á Xunta de Galicia a completar con outros 200 euros o cheque estatal de axuda extraordinaria e de pago único ás persoas autónomas e ás familias vulnerables."

10.7836.- **MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DO PSdeG-
PSOE E DO BNG NA QUE SE SOLICITA Á XUNTA DE**



GALICIA MEDIDAS URXENTES PARA CORRIXIR O MAL FUNCIONAMENTO DO TRANSPORTE PÚBLICO EN GALICIA E, ADEMAIS, QUE EXERZA AS SÚAS COMPETENCIAS E RESPONSABILIDADES DIANTE DA ACTUAL CRISE INFLACIONARIA SUMÁNDOSE ÁS BONIFICACIÓNS ESTATAIS DO 30% NO TRANSPORTE PÚBLICO GALEGO CUN 30% ADICIONAL (EXPTE. 2022048592)

Sra. Presidenta.- Pasamos ao seguinte punto da orde do día. Moción dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG na que se solicita á Xunta de Galicia medidas urxentes para corrixir o mal funcionamento do transporte público en Galicia, e ademais que exerza as súas competencias e responsabilidade diante da actual crise inflacionaria sumándose ás bonificacións estatais do trinta por cento do transporte público galego cun trinta por cento adicional. Ten a palabra o Sr. Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidenta de nuevo. A este grupo provincial si le preocupa la tarjeta básica, si le preocupa la situación del transporte en Galicia y por eso en el Pleno del mes pasado votamos a favor de una moción del Partido Popular, y nosotros no vamos a dejar de intervenir ni tenemos ninguna prisa en acelerar este Pleno porque si preocupa el transporte en Galicia. Decía que en el Pleno anterior aprobamos por unanimidad pedirle al Gobierno del Estado que mantuviera las paradas dentro de Galicia, alcanzamos un acuerdo en relación con una moción del Partido Popular porque pusimos por delante los intereses de esta provincia, también debo de recordar que era un plan estatal que iba a entrar, entrará en vigor a finales del 2024 y que sólo era un borrador, pero a pesar de todo nos preocupaba el transporte, nos preocupaba la situación de las pontevedresas y pontevedreses y por eso votamos a favor. Pero es verdad que también anunciamos que traeríamos una moción porque no se puede hablar del transporte cuando afecta o tiene relación con el Estado sin hablar de lo que es el Plan de transporte público en Galicia que es el que afecta más directamente, y la verdad, primero, esperábamos que hubiera debate y posicionamiento, me da la impresión de que tampoco lo va haber porque hay muchas prisas en el día de hoy, pero, evidentemente, hay que buscar soluciones para los problemas al transporte en nuestra provincia, y el que quiere que se debata lo relacionado con el Estado sería muy sorprendente que no se debatiese lo relación con las actuaciones del gobierno de Galicia que es la administración competente.



Pedimos un apoio unánime para cuatro puntos, que desde luego ya veremos a ver quién está a favor y quien está en contra. Primeiro, es una moción que solicita de la Xunta más sensibilidade para escuchar las múltiples quejas sobre el funcionamiento del servicio, el que mínimamente, y a continuación lo haré, lea la prensa, sabe perfectamente que hay estas situaciones de múltiples quejas. También reclamamos un diálogo en un marco de diálogo con el Ministerio de Transportes para que se negocien todas las paradas interiores dentro de Galicia, porque es necesario que se integren dentro del sistema gallego. Y también pedimos, como se suele hacer aquí por parte del Partido Popular, siempre, siempre pidiendo esfuerzos, pero no pidiéndoselos al gobierno de Galicia, que si el gobierno del Estado ha aportado un 30% de bonificación al transporte lógicamente el gobierno de Galicia debería cuando menos hacer esa misma aportación que, desde luego, los usuarios llegando esa bonificación al 60% seguro que estarían encantados. Y finalmente, y dado los tiempos que corren, pedimos que se explore la decisión de nuevas alternativas de movilidad como el transporte ciertamente demanda. Decía anteriormente que hay múltiples quejas, y simplemente son 15, no sé si me dará tiempo, pero voy a leer literalmente informaciones de prensa que a lo largo de los últimos tiempos todos hemos podido ver, los titulares no los pongo yo, los ponen los medios de comunicación y son consecuencia de lo que trasladan los usuarios. Primeiro, “Reducción de un 50% en las frecuencias de autobuses na Estrada”, otra, “Usuarios de autobuses de toda Galicia protestan por deficiencias nos horarios e frecuencias”, máis, “A Asociación de Transportistas Galibus protesta por las concesiones de la Xunta a Monbus”, otra, “Cincuenta autobuses rodean la sede de la Xunta en Santiago para protestar por las nuevas concesiones”, también desde Nigrán se denuncia que, “La Xunta recorta el transporte público en el Val Miñor”, también, “A Xunta suprime a conexión directa por autobús Vigo-Lugo”, unha máis, “Denuncian que o Plan de transporte público da Xunta suprime o transporte escolar e recorta o servicio de líneas”, máis, “Poio culpa a la Xunta de la desorganización de las líneas de transporte”; también critican las restricciones en los servicios de autobús a Santiago y Pontevedra; máis, “Quejas de los usuarios de Monbus por los cambios en la ruta Pontevedra – O Grove”, máis “Acusan a la Xunta de la desastrosa conexión de autobús de Forcarei y Soutelo con Pontevedra” me deben de faltar cuatro o cinco pero es el resumen de las quejas de los usuarios y que aquí del transporte en Galicia también tenemos que hablar.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Pois, non habendo máis intervencións someto a moción a votación. ¿Votos a favor da moción? ¿Votos en contra? Queda



aprobada por dezaseis votos a favor e por dez en contra. Estas mocións serán remitidas á Xunta de Galicia para o seu coñecemento.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos en contra do PP, aprobar a Moción dos Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG pola que se solicita á Xunta de Galicia medidas urxentes para corraxir o mal funcionamento do transporte público en Galicia e, ademais, que exerza as súas competencias e responsabilidades diante da actual crise inflacionaria sumándose ás bonificacións estatais do 30% no transporte público galego cun 30% adicional cuxo contido é o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público por estrada dentro de Galicia é sinónimo mal funcionamento e un exemplo máis do deterioro dos servizos públicos. Os autobuses circulan con impuntualidade, cambios súbitos de frecuencias e incumprimentos das condicións contractuais por parte das empresas concesionarias. Un deterioro que castiga especialmente ás clases traballadoras en tempos de crise inflacionaria global como a que estamos a vivir, entre outras cousas, por mor do estrangulamento dos mercados internacionais de subministro enerxético.

O Plan de Transporte Público de Galicia naceu en 2016. Os 12 millóns de euros que gastou o Goberno galego en consultoras privadas para a elaboración deste documento desembocaron nun servizo de peor calidade e concentrado nunhas poucas grandes empresas, reducindo así a competencia. Dende entón as queixas sucedense por toda Galicia.

A historia deste desastre comezou en 2009 coa Lei de Medidas Urxentes para a Modernización do Transporte público de Galicia, coa que a Xunta pretendeu prorrogar por 10 anos máis as concesións das 129 liñas existentes en Galicia. Un auténtico balonazo á grada para gañar tempo. Xa se advertiu de que se quebraba a legalidade europea que impide os "contratos eternos" neste sector. O asunto rematou mal. O Tribunal Supremo anulou as prórrogas ilegais deixando a credibilidade da Xunta baixo mínimos. Chegamos así ao actual Plan de Transporte de Galicia, que nada solucionou, pois as queixas son tan abondosas



que, se non se escoitan máis, é porque non hai un só concello onde o transporte público funcione correctamente.

A Xunta de Galicia tramitou o Plan Galego de Transporte sen enviar borradores a concellos e deputacións, sen aceptar achegas. Sen rastro de diálogo coa Administración local. A mesma Xunta que agora "rásgase as vestiduras" co Plan Estatal de Transportes, que está en fase de consultas previas, é dicir, en fase de borrador. Neste alboroto institucional pouco importa que o Plan Estatal non vaia entrar en vigor ata finais de 2024, ou que o Goberno do Estado mesmo se ofrecera a financiar a posible perda de paradas dentro das comunidades autónomas. Nada importa, en suma, que a provincia de Pontevedra mesmo gañe unha nova liña dende Sanxenxo á Meseta.

Por outra banda, mentres o Boletín Oficial do Estado publica con regularidade medidas destinadas a paliar os efectos da crise reforzando o transporte público, o Diario Oficial de Galicia é o fiel reflexo da atonía desta Xunta de Galicia contemplativa e que se limita a facer de cronista das medidas que se toman en Madrid. O Goberno do Estado vén de ratificar medidas contra a crise que, entre outras importantes cousas para a xente que máis o necesita, supón nun 50% as viaxes en trens de cercanías e media distancia (ampliada posteriormente ao 100%) e, ademais, financiar outra bonificación dun 30% nas liñas de autobuses autonómicas e locais ata final de ano. Ademais, aprobou un crédito de 200 millóns de euros a transferir ás comunidades e cidades para facer posible ese desconto.

Sería acaído que as Comunidades Autónomas se sumaran para ir máis alá nos descontos no transporte público de competencia autonómica, poñendo recursos propios e elevando a bonificación do 30% que paga o Estado ata un 60%.

Diante desta situación, o Pleno da Deputación de Pontevedra, ACORDA reclamar da Presidencia da Xunta de Galicia e da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade:

1. Escoitar con máis sensibilidade que ata o de agora as queixas sobre o mal funcionamento do transporte público de Galicia. Introducir as correccións necesarias para mellorar os horarios e frecuencias. Inspeccionar con regularidade e sancionar os incumprimentos por parte das empresas concesionarias. Corrixir os pregos de contratación para realizar os cambios



precisos e dar así unha resposta axeitada ás necesidades da cidadanía nuns momentos tan extraordinarios como os que estamos a vivir.

2. Cubrir a demanda dos desprazamentos interiores dentro de Galicia que se vexan afectados pola remodelación no mapa estatal que entrará en vigor a finais de 2024. Aproveitar a oferta de diálogo institucional do Ministerio de Transportes, mesmo ofrecendo compensacións económicas, para suplir co mapa galego os servizos nas paradas que, eventualmente, poidan suprimirse dentro da provincia de Pontevedra no marco da reorganización estatal.
3. Reforzar a bonificación estatal do 30% nos desprazamentos en transporte público por estrada dentro de Galicia aprobada e financiada polo Goberno do Estado a través do Real Decreto 11/2022 cun 30% adicional con cargo aos Orzamentos da Xunta de Galicia para que a bonificación total ás persoas usuarias alcance un 60%.
4. Facer un estudio pormenorizado doutras alternativas de transporte público como o transporte a demanda que permita atender todas as necesidades de mobilidade con rigor e eficiencia.”

11.7837.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) EN RELACIÓN Á TRANSFERENCIA DA COMPETENCIA SOBRE A XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE (EXPTE. 2022048368)**

Sra. Presidenta.- E pasamos á moción é o punto 11. Moción (*escóitase a alguén falando*) ¡ai!, claro, é que contaba, estes son dos dezaseis, vale, pois rectificamos en todas as votacións e poñemos os dez votos en contra en lugar de once. Ben, gracias Sr. Mosquera, vostede dende aí domina todo. O punto 11 polo tanto a moción do Grupo Provincial do Partido Popular en relación á transferencia da competencia sobre a xestión do dominio público marítimo–terrestre. Ten a palabra a Sra. Pardo, ¿non?, ten a palabra Sra. Pardo.

Sra. Pardo Pumar.- Muchas gracias Presidenta. Buenos días a todos, especialmente quiero saludar a los representantes del sector mar-industria que hoy asisten a este Pleno, Agade, Anfaco, Cluster de Acuicultura, Confederación sector mar-industria alimentario, Federación provincial de cofradías y Patronos



mayor de diferentes cofradías. Quiero trasladarle nuestro más sincero apoyo en todas sus reivindicaciones, me alegro sinceramente de que esta moción vaya a salir aprobada por unanimidad, lo cuál no era tan cierto, es cierto que votaron a favor en la comisión pero no nos podemos olvidar de su abstención en el Concello de Vigo o del anuncio de una enmienda por parte del Sr. Mosquera en comisión, con lo cuál no estaba todo tan claro. Creo que estamos hablando de una cuestión totalmente esencial, de importancia vital para los intereses de Galicia y de los gallegos y que por eso debemos demostrar la unidad institucional que el asunto se merece. Yo antes de empezar sí que querría, Sra. Presidenta, dejar constancia de dos cuestiones, y es que con su actuación al inicio de este Pleno dirigiéndose a los representantes del sector mar-industria que acudieron hoy aquí realmente se han quitado todos ustedes la careta delante de todo el mundo, han mostrado un gobierno provincial total y absolutamente autoritario, falta de toda democracia institucional. Un gobierno provincial que se cree que tiene potestad absoluta en moralidad para decirle a ciudadanos libres con quién puede y con quién no pueden hacerse una fotografía, no les vi yo a ustedes protestar lo más mínimo cuando el mismo sector mar-industria se hizo una fotografía con Néstor Rego o se hizo una fotografía con el Sr. Formoso, cada uno es libre de hacerse foto con quién quiera para reivindicar sus peticiones, con cualquier partido político, faltaba más que ustedes pretendan vetar a los sectores el hacerse fotografías con el Partido Popular o nosotros con el PSOE o con el BNG, somos una sociedad libre, donde cada uno decide con quién, cuándo y cómo se hace las fotografías. Dicho esto paso a lo que nos interesa. Ayer, el Sr. Pedro Sánchez, volvía a dar un espaldarazo a Galicia y a los gallegos, mientras que el miércoles decía si a transferir las competencias sobre la gestión del litoral a Canarias veíamos como ayer mismo, jueves, decía alto y claro no a la transferencia de las competencias en la gestión del litoral a Galicia. Cataluña si, Andalucía si, Canarias si, pero Galicia no, una y otra vez el gobierno socialista de Pedro Sánchez dice no a Galicia, ¿Por qué negar la gestión de las competencias del dominio público marítimo-terrestre a quién mejor lo conoce? ¿Qué tiene Galicia o que no tiene Galicia que si tenga Andalucía, que si tenga Canarias o que si tenga Cataluña? Por eso, hoy más que nunca esta moción se hace total y absolutamente necesaria, una moción que tiene un único objetivo, la moción es, el objetivo de esta moción es defender los intereses de Galicia y de los gallegos, es la región con más kilómetros de costa de toda España, defender el sector mar-industria, defender la continuidad de las empresas que hoy ven peligrar su continuidad, la defensa de los trabajadores, se trata de cuestiones esenciales que afectan a Galicia y a los gallegos, porque sí, porque si hay empresas en riesgo, si hay edificaciones, más de



cuatro mil, doscientas treinta y dos empresas, más de cien del sector mar-industria, ochenta y dos concellos del litoral afectados. Entonces, si es algo importante, si es algo que para nosotros es prioritario que se transfiera esta competencia a Galicia, es la que mejor va a gestionar, porque a unos si y a otros no, todo esto se está llevando a cabo a través de modificaciones legislativas, comenzó con el Reglamento de Costas, seguimos con la Ley de Cambio Climático, aquel famoso 18.3 que después se convirtió en el artículo 20, que ustedes, les recuerdo, cuando votamos aquí, en este pleno, en contra de que se llevase a cabo dicha modificación, ustedes se posicionaron a favor de la modificación del cambio climático dándole la espalda al sector mar-industria, sector que hoy se encuentra en riesgo aún mayor por el no de Pedro Sánchez. La realidad es que la costa gallega se enfrenta a una situación muy compleja, con esta moción lo que reclamamos es que se dote de seguridad jurídica y de garantías al sector mar-industria, que es un sector esencial en Galicia, que se legisle acorde a la realidad geográfica, social y económica de nuestra comunidad autónoma. La transferencia es posible, es viable y tiene amparo en el Estatuto de Autonomía de Galicia. Muchas gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sra. Pardo. Sr. Mosquera, ten vostede a palabra.

